

Celga



4




Proba A1

O Concello de Burela precisa traballadores para os seus distintos sectores produtivos. Baseándose na información que lle proporciona esta reportaxe sobre a súa política de integración de inmigrantes, debe vostede elaborar un texto informativo para un folleto que fale da localización e das actividades económicas e sociais do municipio.

Este folleto, de **400 palabras**, debe xirar arredor dos seguintes eixes temáticos:

- Descrición do concello.
- Bases da economía do municipio.
- Historia da chegada dos inmigrantes a Burela.
- Atencións aos inmigrantes por parte dos servizos sociais e iniciativas para a súa integración.



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

A large, empty rectangular box with a thin black border occupies the central and lower portion of the page, intended for the student to write their answers for the A1 test.

Proba A2

Como propietario dunha franquía de éxito en Galicia que distribúe electrodomésticos, vostede acaba de ser nomeado *Galego/a emprendedor/a do ano* e a revista *EmpreGA* solicítalle que escriba un artigo para publicar no vindeiro número. Antes de escribilo decide repasar as seguintes notas que tomou mentres se documentaba:

Ser emprendedor atopa fundamentalmente tres barreiras:

-Estabilidade económica. *A xente ten moi a miúdo unha mentalidade do funcionariado, da estabilidade perpetua. Pero varios gurús económicos sinalan a morte do emprego estable. E mesmo a seguranza nunha empresa grande, no contorno actual, resulta ben dubidosa.*

-O financiamento, conseguir os cartos. *España lidera co Reino Unido a cantidade de grandes fortunas e as ofertas financeiras sufriron unha explosión recentemente. Cartos hainos, o caso é sabermos como acadalos.*

-A idea. *A gran clave é ter unha "superidea". Mais agardar por ela tempo de máis non é bo. Moitas veces son máis importantes outros aspectos, como a execución ou a dirección desa idea ("ou a xente que se sobe ao carro, as súas condicións e calidades").*

Coller unha franquía pode ser un método idóneo para temperar a teima das "superideas". Trátase dun sistema polo que dúas empresas colaboran nunha relación que ha de ser equilibrada. O franqueador ofrécelle ao franqueado un negocio que funciona, unha experiencia competitiva e un "saber facer". O franqueado inviste cartos e alixéiralle ao franqueador as xestións, a acumulación de persoal etc.

O contrato de franquía, que adoita durar cinco anos, ten unha grande importancia. A lexislación sobre franquías é moi feble, e todo o que poña o contrato resulta fundamental. A lóxica correcta sería que o franqueador non controlase demasiado no traballo do franqueado, que lle concedese certa liberdade de xestión.

Nos anos 90 produciuse un auxe de franquías en España. No 2006 houbo 980 franqueadores. O número de establecementos franqueados medra e medra: de 30.179 en 1999 a 67.584 no 2006. Cando os franqueadores se estabilicen e só aumenten os franqueados, o sector atanguerá a súa etapa de madurez.

Os grandes sectores españois da franquía son a hostalaría e mais a moda, mais van aparecendo outros novos, como o dos servizos financeiros. O 20 por cento das franquías, case 200 ideas, supoñen un investimento inicial inferior aos 30.000 euros. Ben a miúdo, o local físico é a principal barreira, por riba dos cartos.


Para rematar, como seleccionar unha franquía? A clave comeza por un mesmo. En que negocio me sentiría cómodo? Cómpre coñecer o sector no que quero entrar, reparar na solvencia da franquía ou mesmo coñecer directamente a experiencia dos franqueados.



Agora, a partir das notas lidas, escriba un texto para a revista explicando a súa suposta experiencia persoal.

Neste texto, de **400 palabras**, vostede ten que:

- Expor en que consiste un proxecto empresarial e unha franquía.
- Informar de cal é o produto da súa empresa e como e por que o escolleu.
- Comentar cales son os impedimentos cos que vostede se atopou e explicar como os arranxou.
- Facer referencia ao presente do sector e animar a investir en franquías, comentando cales son as súas vantaxes.



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

A large, empty rectangular box with a thin black border, occupying the majority of the page. It is intended for the student to write their response to the A2 test question.